

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a dezaioito de decembro de mil novecentos noventa e seis.

VISTO o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte integrado polas parcelas denominadas " ACIBEIRO, ASPTRÓN, BARNOTES, COSTIÑA, PIÁS, e RIBAZAS" .



RESULTANDO que con data vintedous de decembro de 1993, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado por José A. Vidal González e dezasete veciños máis, solicitando se declare o monte como veciñal en man común.

RESULTANDO que o Xurado Provincial en sesión celebrada o día vintecinco de xaneiro de 1994, acordou tomar en consideración o citado escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a D. Manuel Bouzas Costa e D. José Manuel Baltar Blanco, quenes aceptaron tal cargo, librándose

mandamento para a anotación preventiva nos Rexistros da Propiedade de Bande e Celanova, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños dos pobos, ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense, ós Sres. Alcaldes - Presidentes dos Concellos de Celanova e Vereas, e ós Xefes dos Servizos de Estructuras e Desenvolvemento Rural, e de Montes e Industriais Forestais, e de Extensión Agraria da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, publicándose Edictos no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 79, do martes, 26 de abril de 1994) e nos taboleiros de anuncios dos Concellos de Celanova e Vereas, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencias extendidas ó dorso do Edicto, polos Secretarios dos Concellos de Celanova e Vereas, que durante o prazo sinalado en Edictos para que os interesados poideran comparecer ou intervir no mesmo, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada ningunha alegación.



RESULTANDO que durante a tramitación do expediente púxose de manifesto que a parcela denominada "ACIBEIRO" está encravado no término municipal de Celanova e que as parcelas denominadas "Aspirón" e "Costiña", atópanse ubicadas nos términos municipais de Celanova e Vereas, e dado que nun principio acordárase a tramitación do expediente referido unicamente a terreos ubicados no concello de Vereas, o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común acordou, en sesión celebrada en data

26 de outubro de 1994, retrotrae-la instrucción do expediente ata a fase prevista no artigo 21 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, de montes veciñais en man común, no que se refire a estas tres parcelas (DOG nº 115, do venres, 16 de xuño de 1995).

RESULTANDO que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

VISTAS, a Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de 4 de setembro de 1992, así como o establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normativa aplicable.



CONSIDERANDO que o Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común, ten Xurisdicción e competencia para coñecer-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

CONSIDERANDO que o tipo de comunidade xermánica que institue a Lei de Montes Veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes: 1) Que os condminos únense por vínculos persoais de vecindade agrupados en parroquias, aldeas, lugares,

caseríos ou barrios non constituídos formalmente en Entidades municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado; 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cuota no sentido xurídico - romano; 4) Que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescriptible e inembargable; e 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "actio communi dividundo".

CONSIDERANDO que segundo informacións e testemuños resulta que o monte citado é aproveitado e posuído en réxime de comunidade xermánica polos veciños de Casal do bispo, Domés, Sá, Nogueira e Outeiro, da parroquia de San Martín de Domés, no Concello de Vereá.



Os datos do citado monte son:

- Concellos: Verea e Celanova
- Denominación: "ACIBEIRO, ASPIRÓN, COSTIÑA, BARNOTES, PIÁS, e RIBAZAS".
- Comunidade: Veciños de Casal do Bispo, Domés, Sá, Nogueira e Outeiro, parroquia de San Martiño de Domés.

a) Parcela ACIBEIRO, no Concello de Celanova, dunha superficie aproximada de unha hectárea.

- Extremas:

Norte: monte comunal de Casasoá.

Sur: monte comunal de Cañón.

Leste: monte de Antemil.

Oeste: monte comunal de Cañón.

b) parcela ASPIRÓN nos Concello de Celanova e Vereá, dunha superficie aproximada de media hectárea.



- Extremas:

Norte: monte comunal de Cañón.

Sur: fincas particulares Antonio Feijoó entre outros.

Leste: fincas particulares.

Oeste: monte comunal de Cañón e fincas particularesas José Feijoó.

c) Parcela BARNOTES, no Concello de Vereá, dunha superficie aproximada de media hectárea.

- Extremas:

Norte: propiedades particulares, Martina e Manuel Fernández, Aurora Fernández, entre outros.

Sur: río Orille e propiedades particulares María
Fernández, Autoría Fernández, entre outros.

Leste: Río Orille.

Oeste: fincas particulares, José Cao, Benito
Trigo, Vicente Vidal, entre outros.

d) Parcela COSTIÑA, nos Concellos de Celanova e Vereá, dunha
superficie aproximada de vinte áreas.

- Extremas:

Norte: camiño veciñal.

Sur: propiedades veciñais.

Leste: camiño veciñal.

Oeste: prado de Abelaida.



e) Parcela PÍAS, no Concello de Vereá, dunha superficie
aproximada dunha hectárea.

- Extremas:

Norte: Uceira de Vilaboa.

Sur: Bolbeiros de San Vicente.

Leste: Río Orille.

Oeste: monte comunal de Vereá e fincas
particulares.

f) Parcela RIBAZAS "A", no Concello de Vereá, sito na parte superior da estrada vella de Orille, dunha superficie aproximada de tres áreas, xunto do denominado RIBAZAS "B".

- Extremas:

Norte: con demarcación de Celanova y Estrella Álvarez.

Sur: fincas particulares, Benito Fernández, María Álvarez, Consuelo Selas e Benito Martínez entre outros.

Leste: estrada vella de Orille.

Oeste: estrada nacional 540.

g) Parcela RIBAZAS "B", no Concello de Vereá, sito na parte inferior da estrada vella de Orille, dunha superficie aproximada de tres áreas, xunto do denominado Ribazas "A".



Extremas:

Norte: demarcación de Celanova.

Sur: fincas particulares Manuel Vázquez, entre outros.

Leste: fincas particulares.

Oeste: estrada vella de Orille.

CONSIDERANDO que das informacións recollidas resulta que os veciños de Casal do Bispo, Domés, Sá, Nogueira e Outeiro, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

CONSIDERANDO que a teor do disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común, o expediente de clasificación iniciouse por Acordo do Xurado, a instancia dos veciños.

O XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros.




A C O R D A:

PRIMEIRO. - CLASIFICA-lo monte integrado polas parcelas denominadas "ACIBEIRO", "ASPIRÓN", "BARNOTES", "COSTIÑA", "PÍAS" e "RIBAZAS" de 3 Has e 23 áreas de superficie conxunta, a favor dos veciños de Casal do Bispo, Domés, Sá, Nogueira e Outeiro da parroquia de San Martiño de Domés, do Concello de Vereá, e coas extremas descritas no Considerando terceiro, como veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

SEGUNDO. - Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou Rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor da persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta Resolución ós Sres. Alcaldes - Presidentes dos concellos de Celanova e Vereas, ó representante da Comunidade veciñal, ó Sr. Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que contra esta resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo, trala comunicación á que se refire o artigo 110.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de DOUS MESES perante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.





1:25,000

Esquema internacional. Propriedade II.
Las alturas se refieren al nivel medio.
Elevaciones de los r.